

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

Día: 22.01.2021      Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de xaneiro de 2021, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 790 (11/PNC-000045)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Pazos Couñago, José Alberto e 13 máis  
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da cesión das taxas de faros e sinais marítimas para o sostemento da súa actuación en materia de salvamento marítimo  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020*
- 1.2 2822 (11/PNC-000311)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre o inicio da execución polo Goberno galego do proxecto para a dotación do porto da Pobra do Caramiñal de novos vestiarios  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020*
- 1.3 4219 (11/PNC-000494)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio  
Sobre o restablecemento polo Goberno galego do servizo de gardapeiraos nos portos de titularidade autonómica da Mariña lucense co número de profesionais asignados a cada un deles  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40, do 04.11.2020*
- 1.4 5736 (11/PNC-000690)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis  
Sobre o deseño e a aprobación polo Goberno galego, de acordo co sector do cerco, dun sistema de distribución entre as embarcacións de Galicia das licenzas para faenaren nas augas interiores do País Vasco  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 56, do 02.12.2020*
- 1.5 6223 (11/PNC-000749)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para evitar o impacto do Real decreto 968/2020 para a frota galega de artes menores e arrastre

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 16.12.2020*

1.6

6426 (11/PNC-000765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co posible incumprimento das cláusulas do contrato para a prestación dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia pola empresa adxudicataria

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 22.12.2020*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

José Manuel Balseiro Orol

Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

José Manuel Balseiro Orol

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Julio Torrado Quintela

S

## **Vogais**

Daniel Castro García

BNG

Teresa Egerique Mosquera

P

Ana Belén García Vidal

P

María do Carme González Iglesias

BNG

Patricia Otero Rodríguez

S

Rosana Pérez Fernández

BNG

Manuel Santos Costa

P

María Elena Suárez Sarmiento

P

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 22.01.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 22.01.2021**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 790(11/PNC-000045)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 13 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da cesión das taxas de faros e sinais marítimas para o sostemento da súa actuación en materia de salvamento marítimo

*Publicación iniciativa carácter urxencia, 9, 02.09.2020*

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas **Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, Elena Cándia López, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento, Diego Calvo Pouso, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Álvaro Pérez López, José Manuel Rey Varela, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.**

### Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema.

### Exposición de motivos:

Galicia, entre os seus medios propios de rescate, posúe dúas embarcacións polivalentes de mediano porte, que son a “Irmáns García Nodal” e “Sebastián de Ocampo”, con base itinerante, empregadas tanto para a loita contra a contaminación así como no salvamento no mar, que se suman aos dous helicópteros, os coñecidos coma o Pesca I e Pesca II, con base en Vigo e Celeiro-Viveiro, con plena operatividade no rescate marítimo as 24h dos 365 días do ano.

Por todos é coñecido que o seu mantemento e disposición é sufragado integramente pola comunidade autónoma, estando ao servizo e atendendo as demandas de apoio e atención de SASEMAR, dando cumprimento así ao disposto polo Estatuto de Autonomía de Galicia que, no seu artigo 29 recolle que corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en, entre outras materias, salvamento marítimo.



Neste senso, cabe lembrar que este custe ronda os 14 M€ anuais, procedentes na súa totalidade de fondos propios, o que reduce considerablemente a capacidade de cofinanciar outras accións susceptibles de ser abordadas con fondos europeos, ou ben a posibilidade de poder desenvolver de forma directa outras actividades plenamente integradas no marco competencial marítimo-pesqueiro.

Por outra banda, cabe destacar a importancia do cobro das taxas que a Administración central percibe en concepto dos faros e sinais marítimas. De feito, co fin de compensar o déficit que arrastra anualmente SASEMAR, corrixeu ao alza a taxa de sinais marítimas, que abonan, entre outros, os buques pesqueiros, dos que lembremos que Galicia posúe en torno ao 45% de unidades.

Por todo isto, e tendo en conta que Galicia conta cun servizo de rescate único en España, que nos máis de 25 anos de historia salvou a vida de máis de 1.500 persoas, este Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Demandar, para o sostemento da súa actuación en materia de salvamento marítimo, un apoio económico por parte do Ministerio de Fomento procedente das taxas recadadas que se destine ao financiamento das actividades realizadas pola Xunta que sexan análogas ás realizadas pola Administración Xeral do Estado neste eido
2. Axustar a taxa de faros e sinais marítimas mediante a cesión á Comunidade Autónoma de Galicia da parte proporcional da taxa aplicada á frota pesqueira galega”.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/08/2020 11:27:42**  
**Nº Rexistro: 790**  
Data envío: 26/08/2020 11:27:42.759

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 11:15:03**

**José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 11:15:29**

**José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 11:15:37**

**María Elena Candia López na data 26/08/2020 11:17:56**

**José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 11:18:12**

**Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 11:18:25**

**María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 11:18:47**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: REXISTROmaamDzPR5  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/08/2020 11:27:42**  
**Nº Registro: 790**  
Data envío: 26/08/2020 11:27:42.759

**María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 11:19:06**

**Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 11:19:19**

**Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 11:19:48**


**Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 11:20:16**

**José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 11:20:26**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 11:20:47**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 11:21:00**

**Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 11:21:19**



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.parlamentodegalicia.gal)



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 22.01.2021**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 2822(11/PNC-000311)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o inicio da execución polo Goberno galego do proxecto para a dotación do porto da Pobra do Caramiñal de novos vestiarios

*Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/10/2020 17:36:03  
Nº Rexistro: 2822  
Data envío: 01/10/2020 17:36:03.861

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

O porto de A Pobra supón un elemento dinamizador da vida económica e social imprescindible para esta vila. Dentro da actividade, en parte minguante nos últimos tempos, a descarga de peixe activa parte das empresas que operan na rada, xa que implica a mariñeiros, consignatarias, subministradoras, limpeza...

No caso específico das persoas traballadores que se dedican á descarga no porto existe unha demanda, acumulada durante tempo, sobre a que existe un amplo consenso de necesidade de mellora entre empresarios/as, Administración autonómica, Administración local e as persoas traballadoras que son os principais necesitados dela, que é a dotación de vestiarios para cambios e aseo.

Hoxe en día, o estado dos vestiarios é inasumible, indigno para calquera persoa traballadora e con serios problemas de hixiene polo estado das instalacións. Urxe afrontar unha solución para isto, sobre a que existe proxecto e unicamente é necesario que a Xunta de Galicia o execute, despois de anunciálo innumerables ocasións pero nunca executalo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar de inmediato a execución do proxecto de novos vestiarios para o Porto de A Pobra.

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Otero Rodríguez  
Noa Díaz Varela  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO045mzpx6N7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/10/2020 17:36:03**  
**Nº Registro: 2822**  
Data envío: 01/10/2020 17:36:03.861

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 01/10/2020 17:27:51**

**Patricia Otero Rodríguez na data 01/10/2020 17:28:00**

**Noa Susana Díaz Varela na data 01/10/2020 17:28:13**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 01/10/2020 17:28:47**

CSX, REGISTROde5mzp6N7  
Verificación  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 22.01.2021**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 4219(11/PNC-000494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre o restablecemento polo Goberno galego do servizo de gardapeiraos nos portos de titularidade autonómica da Mariña lucense co número de profesionais asignados a cada un deles

*Publicación da iniciativa, 40, 04.11.2020*



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Os portos de Burela e de Celeiro combinan actividade pesqueira, tráfico de mercadorías e náutica de recreo. Ademais ambos sitúanse entre os tres portos máis relevantes no organismo que os xestiona e do que dependen que é Portos de Galicia.

Os usuarios destes portos contan que cada un tiña asignados 5 gardamuelleres, pero que agora están activos 3 ou 4. Estas vacantes nos ditos cadros de persoal de gardamuelleres están a provocar protestas nos portos mariñáns, protestas que foron realizadas tanto ante a Consellería do Mar como ante Portos de Galicia, emprazando a Portos de Galicia á cobertura das praza de gardamuelleres agora vacantes.

Sen videovixilancia nestes portos estes traballadores teñen encomendado o control das instalacións portuarias. Ademais de funcións como ordenación dos atraques pesqueiros, dos mercantes e das embarcacións recreativas, así como o establecemento de vehículos.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que restitúa o servizo de gardamuelleres con todos os profesionais que sobre o papel teñen asignados os portos da Mariña lucense de competencia autonómica.

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

CSM-REXISTROZ7cebDbk7  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/10/2020 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 4219**  
Data envío: 26/10/2020 16:22:52.968

**Patricia Otero Rodríguez na data 26/10/2020 14:04:10**

**Julio Torrado Quintela na data 26/10/2020 14:04:29**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/10/2020 14:04:45**

CSX4REXISTROZ7cebDchtz  
Verificación  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>





**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 22.01.2021**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 5736(11/PNC-000690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o deseño e a aprobación polo Goberno galego, de acordo co sector do cerco, dun sistema de distribución entre as embarcacións de Galicia das licenzas para faenaren nas augas interiores do País Vasco

*Publicación da iniciativa, 56, 02.12.2020*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/11/2020 10:51:53  
Nº Rexistro: 5736  
Data envío: 23/11/2020 10:51:53.432

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre os criterios de reparto das embarcacións que faenan no País Vasco.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema que está a aplicar a Consellaría do Mar para decidir que embarcacións poden pescar dentro das augas autonómicas do País Vasco, vén provocando un profundo malestar entre as entidades e embarcacións do cerco pola súa falla de transparencia e por consideralo moi pouco equitativo.

Nomeadamente, a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (ACERGA) - formada pola inmensa maioría do sector do cerco en Galiza, 115 dos 152 barcos que figuran no censo do cerco segundo o propio rexistro de buques da Comunidade Autónoma- vén amosando dende hai tempo a súa disconformidade cos criterios empregados pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galiza.

Dende o ano 2008, só 5 embarcacións con porto base en Galiza poden faenar de xeito simultáneo cada semana en augas interiores do País Vasco.

CSM-REXISTROGXERAL16  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/11/2020 10:51:53**  
**Nº Rexistro: 5736**  
Data envío: 23/11/2020 10:51:53.432

A Dirección Xeral de Pesca decide cales son esas 5 embarcacións a partir dun método que non parece o máis transparente e fiable: Recibe as solicitudes por fax e, segundo a súa orde de entrada, remítense a Euskadi para que emita as autorizacións.

Como o número de solicitudes é superior ás autorizacións que se poden conceder, finalmente escóllese unha embarcación por asociación e seguindo a orde de entrada da solicitude.

O primeiro que chama a atención deste método é que se reparta unha embarcación por asociación cando non todas as asociacións son equiparábeis en canto ao número de embarcacións que aglutinan.

O segundo, aínda máis chamativo, é que a orde de entrada das solicitudes case sempre é acaparada polos mesmos barcos e non, precisamente, os pertencentes ás entidades que máis embarcacións teñen. Tanto é así, que na actualidade hai xa moitas confrarías que, como xestoras das solicitudes, caeron no desánimo e a incredulidade da equidade do sistema de reparto empregado e hai tempo que desistiron de envíasalas.

Deste xeito, para a Dirección Xeral de Pesca, todas as asociacións son tidas en conta por igual, independentemente de que conten con 115 barcos ou con 37, que son os que restan ata completar os que están inscritos no rexistro de buques de Galiza.

Con este criterio, as asociacións máis numerosas xa parten con desvantaxe. E, se a isto lle engadimos que, curiosamente, os fax que entran primeiro son moitas veces os mesmos, obtemos un resultado ben desigual, discriminatorio e que, dende logo, dá poderosas razóns a aqueles que manifestan reiteradamente as súas queixas en contra del.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/11/2020 10:51:53**  
**Nº Rexistro: 5736**  
Data envío: 23/11/2020 10:51:53.432

A administración non debera, en ningún caso, ser parcial. A súa función é aplicar as normas dun xeito obxectivo, transparente, ponderado e razoado e, sobre todo, tentando unir a calquera sector que ten un obxectivo común.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a deseñar, de acordo co sector, e aprobar un sistema de reparto para as embarcacións que poden faenar en augas interiores do País Vasco que sexa transparente e equitativo e que atenda a razóns obxectivas e razoadas.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: REXISTRO0CX7QR1q6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/11/2020 10:51:53**  
**Nº Rexistro: 5736**  
Data envío: 23/11/2020 10:51:53.432

**Rosana Pérez Fernández na data 23/11/2020 10:47:03**

**María do Carme González Iglesias na data 23/11/2020 10:47:13**

**Daniel Castro García na data 23/11/2020 10:47:21**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2020 10:47:32**



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 22.01.2021**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 6223(11/PNC-000749)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para evitar o impacto do Real decreto 968/2020 para a frota galega de artes menores e arrastre

*Publicación da iniciativa, 63, 16.12.2020*

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de Motivos:

A principios de xuño a Consellería do Mar presentou observacións ao proxecto de Real Decreto 968/2020, de 10 de novembro polo que se modificaba o *Real Decreto 410/2001, do 20 de abril, polo que se regula a pesca con artes fixas no Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste*, publicado recentemente (*Real Decreto 968/2020, de 10 de novembro*).

Na súa virtude, o Goberno central modificou as condicións para a pesca do rape coa arte de rasco neste caladoiro, incrementando a lonxitude das artes dentro dos límites comunitarios permitidos e reducindo a súa luz de malla.

Con relación á medida da malla ata os 250 mm e á extensión dos aparellos ata os 20.000 m, o *Regulamento (UE) 2019/1241* establece unha malla de 220 mm en fondos inferiores a 200 m, permitindo só traballar en fondos entre 200-600 m con malla de 250 mm e non máis de 20.000 m.

Trátase dunha decisión que, por unha parte, xera incongruencia ao incrementar o tamaño de malla con carácter xeral e ao non reduci-lo noutras zonas en liña co Regulamento comunitario; e que, por outra parte, xera importantes esforzos en augas de menor profundidade polo feito de incrementar o límite de aparello ata os 20.000 m en toda a zona CNW sen diferenciación de fondo. Un feito que debería estar fundamentado, xa que nas augas menos profundas pódese concentrar un importante esforzo pesqueiro con gran número de unidades e durante períodos amplos de tempo.

Ademais, entendemos que se debería xustificar e comprobar tamén a afectación das disposicións desta modificación legal sobre os barcos que se benefician da atribución da cota para censos diferentes de arrastre de fondo e rasco, que dispoñen dun 28,50% da cota e que agrupa a unha mancha de embarcacións de artes menores de Galicia.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/12/2020 09:59:35**  
**Nº Registro: 6223**  
Data envío: 09/12/2020 09:59:35.086

Neste senso, estes barcos poden ver modificado ou alterado o seu réxime de traballo e rendemento por esta modificación, cuestión que tamén afecta á pesquería do arrastre. Por tanto, é necesaria esa xustificación e previsión de efectos ante unha posible variación no equilibrio que esta pesquería mantén, tanto en termos extractivos como comerciais.

Por isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que proceda a revisar o Real Decreto *968/2020, de 10 de novembro* de cara a evitar un prexuízo á frota de artes menores e arrastre galega, tendo en conta a modificación substancial que esta norma pode traer sobre o esforzo pesqueiro realizado sobre o aproveitamento das cotas e sobre a estrutura de comercialización das especies que captura o rasco”.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2020



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/12/2020 09:59:35**  
**Nº Rexistro: 6223**  
Data envío: 09/12/2020 09:59:35.086

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 09/12/2020 09:53:49**

**Teresa Egerique Mosquera na data 09/12/2020 09:54:09**

**José Manuel Balseiro Orol na data 09/12/2020 09:54:37**

**José Manuel Cores Tourís na data 09/12/2020 09:55:09**

**Martín Fernández Prado na data 09/12/2020 09:55:19**

**José Alberto Pazos Couñago na data 09/12/2020 09:55:41**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 09/12/2020 09:55:52**

**Daniel Vega Pérez na data 09/12/2020 09:56:05**



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 22.01.2021**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 6426(11/PNC-000765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co posible incumprimento das cláusulas do contrato para a prestación dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia pola empresa adxudicataria

*Publicación da iniciativa, 66, 22.12.2020*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/12/2020 11:08:45  
Nº Rexistro: 6426  
Data envío: 14/12/2020 11:08:45.116

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre o incumprimento no contrato da empresa de helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa no pasado mes de outubro este grupo parlamentar denunciaba, mediante distintas iniciativas rexistradas no parlamento, determinados incumprimentos da empresa Babcock España, adxudataria dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, dependentes da Consellaría do Mar, para o desenvolvemento de labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Dende aquela, segue a sucederse a falla de cumprimento manifesto por parte da empresa dalgunhas das condicións establecidas no prego de contratación, sen que nos conste que a Consellaría tivese velado polo correcto cumprimento das condicións de prestación do contrato. Moi ao contrario, Babcock España ten tomado distintas medidas coercitivas contra os traballadores e mesmo algún despedido aducindo “diminución continuada e voluntaria do traballo”.

O incumprimento sistemático das prescricións contractuais por parte da empresa e a situación intolerábel á que está a someter aos seus traballadores debera ser motivo de

CSM-REXISTRO62Rmc96  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 14/12/2020 11:08:45

Nº Rexistro: 6426

Data envío: 14/12/2020 11:08:45.116

atención inmediata por parte da Consellaría do Mar, sobre todo porque se trata dun servizo vital para a xente do mar e estanse a poñer en grave risco tanto as tripulacións como a resposta da seguridade no mar a aqueles que a necesiten.

Os graves incumprimentos que denunciabamos no mes de outubro (manter case dúas semanas o Pesca 1 de Vigo sen flotadores, elemento de seguridade vital que o propio contrato recolle como obrigatorios), intensificáronse coa medida de Babcock España de seguir mantendo o helicóptero operativo sen flotadores mais limitando a operatividade a unha distancia á costa de 20 millas náuticas. Limitación da que a Xunta deba ter coñecemento.

O 30 de outubro, mentres o Pesca 1 de Vigo continúa nestas condicións, é solicitado o servizo para facer unha evacuación médica a unhas 90 millas das illas Cíes. Diante das limitacións do Pesca 1, a ese servizo tivo que acudir o Helimer 402 da Coruña que trasladaría ao capitán do buque quimiqueiro “Gogland” ata o aeroporto de Vigo.

A partir de aí, a empresa traslada ao helicóptero que ten na base de Viveiro á de Vigo con total operatividade e mantén na base da Mariña de Lugo un helicóptero de substitución que, de novo, non cumpre os requisitos esixidos no contrato. Mais o peor é que non é a primeira vez, xa que este helicóptero sen as capacidades suficientes para desenvolver o traballo con garantías leva na base de Viveiro case o 50% dos días de servizo no que vai de ano, é dicir, máis de 150.

A empresa Babcock España subscribiu no seu momento un contrato cunhas condicións claras e expresas que vén incumprindo impunemente. As consecuencias véñennas soportando os seus traballadores, con ameazas reiteradas e mesmo despidos e,

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/12/2020 11:08:45**  
**Nº Rexistro: 6426**  
Data envío: 14/12/2020 11:08:45.116

o que é moitísimo máis grave, o sector do mar, para o que é imprescindible que o Servizo de Gardacostas de Galiza funcione correctamente e con todas as garantías.

Á vista de todos estes feitos,ponse de manifesto que a actuación da Consellaría do Mar queda máis que en entredito, pois non é xustificábel que se é coñecedora do que vén ocorrendo non teña actuado xa e non selo resultaría absolutamente inexplicábel.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a, en cumprimento de todas e cada unha das cláusulas do contrato dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, a:

1. Levar a cabo as investigacións que determinen as posíbeis responsabilidades nas que a empresa Babcock España podería estar incorrendo respecto das cláusulas do contrato.
2. Determinar as responsabilidades da empresa adjudicataria en canto ás normativas que regulan as actividades que se recollen no contrato.
3. Aplicar as penalizacións establecidas no contrato polos posíbeis incumprimentos do mesmo.
4. De se daren incumprimentos graves, poñer en marchas os mecanismos legais para a rescisión do contrato coa empresa Babcock España.
5. Iniciar as actuacións precisas para recuperar a xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galiza.”

CSV REXISTRO XERAL DE ENTRADAS  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/12/2020 11:08:45**  
**Nº Registro: 6426**  
Data envío: 14/12/2020 11:08:45.116

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/12/2020 10:59:24**

**Daniel Castro García na data 14/12/2020 10:59:29**

**María do Carme González Iglesias na data 14/12/2020 10:59:38**

**Rosana Pérez Fernández na data 14/12/2020 10:59:45**

CSV XERXISTRO/62Rmc86  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

